

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Delegación Provincial - A Coruña

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edif. Administrativo Servizos Múltiples
Praza Luis Seoane
15008 A CORUÑAXACOBEO 2004
Galicia

Resolución de 25 de marzo de 2004, do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña pola que se resolve o expediente nº 379 que afecta aos montes *San Pedro Mártir e Ferrañas ou Serrada*, do lugar de Lobelos, parroquia de Pereirña, concello de Cee:

Reunido o 25 de marzo de 2004 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña, baixo a presidencia da delegada provincial na Coruña da Consellería de Medio Ambiente, D^a Ana M^a Díaz López, coa asistencia dos vocais, Dona Josefa Fernández Fernández, xefa do Servizo de Montes e I.F., Don Alfonso Vázquez-Castro Garma, letrado do Gabinete Xurídico Territorial da Xunta de Galicia, Don Juan Ramón Beneyto Bellas, representante do Colexio de Avogados da Coruña, Don José Manuel Caramés Franco, representante das comunidades veciñais de Montes en Man Común, e da secretaria Dona Ana María Casas González, xefa do Servizo Xurídico da Delegación de Medio Ambiente na Coruña, para estudar e resolve-lo

Expediente: 379
Monte: *San Pedro Mártir e Ferrañas ou Serrada*
Comunidade: lugar de Lobelos
Parroquia: Pereirña
Concello: Cee

ANTECEDENTES DE FEITO:

1º. Os veciños do lugar de Lobelos, parroquia de Pereirña, concello de Cee solicitaron deste Xurado, con data 30.05.2002, a declaración como veciñal do expresado lugar, dos montes arriba citados e que teñen as seguintes características:

Superficie: 3,02 Ha.

Lindeiros

Parcela 1ª. *San Pedro Mártir*. Superficie: 2,43 ha

Norte: Pista asfaltada. Leste: Camiño do alto da Cheda. Sur: Camiño. Oeste: Pista asfaltada.

Parcela 2ª. *Ferrañas ou Serrada*. Superficie: 0,59 ha

Norte: predio de Manuel Trillo. Leste: Remata en punta. Sur: Camiño e pista asfaltada.

Predio de Francisco Mouzo. Oeste: predios de Celia García, Luz-Divina González, e outros.

2º. A vista de tal solicitude, o Xurado, na súa reunión do 26.06.2002, acordou inicia-lo oportuno expediente, nomeándose como Instructor del a Don Alfonso Vázquez-Castro Garma,



quen aceptou expresamente o dito cargo. Procedeuse á correspondente tramitación, oídas tódalas persoas, organismos e corporacións interesadas, expedíndose mandamentos a tal fin dirixidos ó alcalde-presidente do concello de Cee, ó xefe do Servizo de Montes e I.F. e publicándose edictos no D.O.G. (nº 238 de 11.12.2002), taboleiro de anuncios do concello de Cee, aos efectos de que tódalas persoas interesadas no expediente realizaran as manifestacións que tiveran por conveniente.

3º. Os promoventes fundamentan a súa petición ante o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común en que, desde tempos remotos, veñense realizando aproveitamentos de leñas, madeiras e pastos nos ditos montes en réxime de comunidade sen adscrición de cotas. Achegan acta notarial dos veciños do lugar con manifestacións nese sentido.

4º. Publicados os edictos, e transcurrido o prazo para posibles reclamacións, non houbo presentada alegación ningunha contra o presente expediente. O concello de Cee no ve impedimento ningún e solicita que se teñan en conta unhas instalacións existentes como de propiedade municipal.

5º. Na tramitación destas actuacións cumpríronse as formalidades legais e regulamentarias, esixidas principalmente pola Lei 13/89, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común (D.O.G. núm 202, de 20 outubro) e o seu Regulamento de aplicación aprobado polo Decreto 260/92, do 4 de setembro, (D.O.G. núm 186, de 23 de setembro) ambos da Comunidade Autónoma de Galicia, Lei de procedemento administrativo e demais disposicións aplicables ó caso.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña ten xurisdicción e competencia para coñecer deste expediente en virtude do disposto nos artigos 9 e 10 da Lei 13/89, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

2º. De conformidade co contido do artigo 11 da citada Lei e 19 do Regulamento, aprobado polo Decreto 260/92, do 4 de setembro, os veciños do lugar de Lobelos son parte lexítima para solicita-la iniciación do presente expediente de calificación.

3º. Segundo o disposto na Lei 13/1989, do 10 de outubro, para a súa calificación como veciñal en man común, un monte debe reuni-las seguintes características, 1) Pertenza a agrupacións de veciños na súa calidade de grupos sociais, non como entidades administrativas; 2) Se aproveite consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas polos membros de cada agrupación na súa condición de veciños comuneiros; 3) Que os veciños comuneiros residan habitualmente con casa aberta dentro da área xeográfica sobre a que se asenta o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte (artigos 1, 2 e 3 da Lei 13/89 e 1, 2 e 3 do Regulamento do 4 de setembro de 1992).



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Delegación Provincial - A Coruña

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edif. Administrativo Servicios Múltiples
Praza Luís Suárez Vique
15008 A CORUÑA



XACOBEO 2004
Galicia



4º. Das actuacións obrantes no expediente, e en especial da comprobación do expresado no punto anterior, dedúcese que no presente caso nos encontramos cun monte pertencente á comunidade veciñal do lugar de Lobelos, no que se cumpren os aludidos requisitos.

Polo anterior, este Xurado, por unanimidade dos asistentes, á vista dos antecedentes e fundamentos expostos e da proposta do Instructor,

ACORDA calificar como veciñal en man común os montes denominados *San Pedro Mártir e Ferrañas ou Serrada*, de pertenza do lugar de Lobelos, parroquia de Pereiriña, concello de Cee, cos lindeiros, superficies e características que resultan do primeiro antecedente de feito. Asímismo, acórdase excluí-los declarados do Inventario de Bens do concello e do Catálogo dos de Utilidade Pública, se neles estiveran inscritos, incluíndoos no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común, que figura na Delegación de Medio Ambiente da Coruña.


Notifíquese aos interesados.

A Coruña, 25 de marzo de 2004

V. e Pr.



A PRESIDENTA DO XURADO,

Asdo.- Ana M^a Díaz López



A SECRETARIA DO XURADO,



Asdo.- Ana M^a Casas González



PUNTO	COORDENADAS UTM		DESCRIPCION
	X	Y	
1	486591	47586733	VERTICE SUR-OESTE
2	486617	47587313	BEIRA CAMINO
3	486643	47587702	BEIRA CAMINO
4	486667	47588353	BEIRA CAMINO
5	486697	47588723	VERTICE NOR-OESTE
6	4867335	47588713	BEIRA CAMINO
7	486787	47588622	VERTICE NOR-ESTE
8	4867375	47587818	BEIRA CAMINO
9	4867075	47586922	BEIRA CAMINO
10	4866945	47586044	VERTICE SUR-ESTE
11	4866465	47586286	BEIRA CAMINO

112

E: 1/5000	PROPIEDAD DE:	VECINOS DE LOBELOS
INGENIERO TEC. AGRICOLA	"SAN PEDRO MARTIR"	
FELICITAS FERNANDEZ LINARES	SITA EN LOBELOS - PEREGRINA - DEE 29/05/2003	



PUNTO	COORDENADAS UTM		DESCRIPCION
	X	Y	
1 -	486.3915	4.759.925	VERTICE NOR-OESTE
2 -	486.523	4.759.460	VERTICE ESTE
3	486.396	4.759.407	VERTICE SUR-OESTE
4	486.475.060	4.759.450.84	Inf. topografica San Pedro

ESCALA: 1/5000 PROPIEDAD DE: MONTE VECINAL DE LOBELOS

INGENIERO TEC. AGRICOLA

"FERREÑAS OU CERRADA"

FELICITAS FERNANDEZ LINARES

LOBELOS-PEREIRIA-CEE 29/05/2003

143

